

Programación cultural *Oleiros*

maio/xullo 2013



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

.....

Sábado 11 maio
ás 20.30 horas

Compañía/espectáculo:
Espello Cóncavo
Anxeliños



Lugar: auditorio Gabriel García Márquez

Autor: Roberto Vidal Bolaño

Dirección: Arturo López

Elenco: Fernando Morán, Isabel Risco, Rodrigo Roel,
Estibaliz Veiga, Manu Fernandez e Luzbel Pardavila

Xénero: comedia

Sinopse: *Anxeliños* é unha comedia de Roberto Vidal Bolaño que amosa as peripecias dunha familia, encabezada por Charli, a carón dunha compañía de cobro de morosos. Na historia concorren outros personaxes, a cada quen máis extravagante, que converten a obra nun desfile de hilarantes situacións. Estamos ante unha das pezas de Roberto Vidal Bolaño nas que mellor se amosa o seu humor retranqueiro, ás veces duro, pero sempre desbordante de amor polos seus personaxes.

Idade: maiores de 12 anos

Prezo: 2,50 euros. (As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala).

.....



Deputación
DA CORUÑA

.....
Martes 14
de maio,
funcións escolares

Compañía:

Berrobambán

A folla máis alta



Lugar: auditorio Gabriel García Márquez

Destinatarios/as: nenos e nenas de 3.º e 4.º de primaria dos CEIP do concello.

Sinopse: *A folla máis alta* é unha aposta polo xogo, un xogo que transforma as palabras en pequenas historias nas que contamos que fomos nenos antes de ser adultos, e que tiñamos grandes soños, grandes amigos, unhas ganas enormes de medrar para comernos o mundo, para morder a folla máis alta da árbore, a máis verde, a máis fermosa, e que cando medramos nos decatamos de que sempre hai unha folla máis alta, e que esa folla sempre é a máis verde e a máis fermosa, porque nunca poderemos chegar a ela e así seguiremos mantendo esas ganas enormes de seguir medrando e quen sabe se, por fin, mordela.

Conta cun equipo de dirección coordinado por Paula Carballeira e conformado por Carlos López, Chiqui Pereira, David Loira, Ramón Bermejo e X. Carlos Hidalgo.

Duración: 50 minutos

.....



.....
Martes 21
de maio,
funcións escolares

Compañía: Katarsis,
Educación e Teatro S.L

Malas palabras



Lugar: auditorio Gabriel García Márquez

Destinatarios/as: nenos e nenas de 5.º e 6.º de primaria dos
CEIP do concello.

O texto foi gañador do premio FIJIL á dramaturxia innovadora.

Sinopse: Esta é a historia de Flor una escritora que dende o seu escritorio, conta como descubriu o segredo mellor gardado polos seus pais: a súa adopción. Cando tiña 9 anos, a Flor e ao seu amigo o Pelos encantáballes buscar “malas palabras” no dicionario. A mesma curiosidade levou a Flor a pescudar que os seus pais non eran os seus pais, que os seus avós non eran os seus avós, que os seus tíos, non eran os seus tíos... Flor era adoptada. Flor pasa por unha etapa escura, na que pensa que os seus país a traizoaron.

Técnica: Teatro de actor. Manipulación de obxectos.

Duración: 55 minutos

.....

.....
Sábado 8 xuño
ás 21.00 horas

Concerto de EL KANKA



Lugar: auditorio do centro cultural A Fábrica

El Kanka é o actual proxecto musical de Juan Gómez Canca, malagueño de 29 anos afincado en Madrid. Este estraño cantautor (o kankautor, como a el lle gusta definirse), comezou a aparecer polos escenarios alá sobre o ano 2003 con Dr. Desastre, banda que logo pasou a denominarse T de Trapo. Con esta formación empeza El Kanka a fraguar o que logo constituiría o seu estilo de fusión particular, cancións que casan unha variopinta combinación de estilos no musical cunha notable madurez e un alarde de cotiá ironía nas letras. Con banda ou sen ela, os concertos del Kanka rebordan orixinalidade e frescura e deixan un exquisito sabor de boca, goza e fainos gozar con el en cada cantiga.

Prezo: 2,50 euros. (As entradas poñeranse á venda na Fábrica a partir das 20:00 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 29 de xuño ás 12.00 horas
FEITO EN OLEIROS.....

Mostra final do obradoiro municipal de teatro infantil.

Lugar: teatro das Torres, Santa Cruz

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



.....
Domingo 30 de xuño
ás 20.30 horas

Compañía/espectáculo:

FarandOleiras Cabaré

**Un cabaré de
película**



Lugar: auditorio Gabriel García Márquez

Autora e directora: Clara Gayo

Elenco: Antonio Doldán, Beatriz Vazquez, David Garrido, Elsa Parada, Esther Patiño, Isa Currais, Lara Valcuerde, Manuel Candamio, Marisol Cancio, Natalia Domínguez, Noa Vedia, Noelia Papín, Patricia Somoza, Paula Galego, Raquel Sánchez, Saleta Vazquez, Yago Concejo, Yolanda Zapata

Sinopse: Como xa ben indica o título, este ano en FarandOleiras Cabaré decidimos inspirarnos no mundo do cine para montar o noso espectáculo, xa que a realidade sempre supera a ficción. A crise protagonista indiscutible, pero inevitablemente enchoupou todas as escenas, que, por certo, este ano serán máis teatrais que nunca. Por suposto, e como sempre, ofreceremos música e coreografías para animar a velada. ... En fin, números e escenas para todos os gustos e case todas as idades!

Idade: maiores de 16 anos

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

.....

.....
Sábado 6 de xullo
ás 21.00 horas

Compañía/espectáculo:

Axóuxere Teatro

Asasinato no Parque de Atraccións



Lugar: auditorio Gabriel García Márquez

Autor: Alejandro Albaiceta

Dirección: Alejandro Albaiceta

Elenco: Paula Suárez, Paula Galego, Kike Vales, Lara Valcuende, Lola Tasende, Loly González, Nanda Tasende, Silvia Larrosa, Alejandro Albaiceta, Fernando Imbernón

Xénero: comedia musical

Sinopse: Zona de descanso dun *Parque de Atraccións*... en crise (como non...). Un novo Director que vén a amañar a situación. Uns traballadores que non son o que semellan. *Un asasinato*. Unha detective da *Grande Bretaña*. Calquera cousa pode acontecer... Como que alguén fale castelán e mesmo en inglés... E se todo isto non chegase... van e atrévense a *cantar... en directo!!!*

Duración: 90 minutos

Idade: maiores de 12 anos

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

.....



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística